

# A CALIFICACIÓN MORFOLÓXICA DOS EXEMPLARES DA RAZA PORCO CELTA



## PROTOTIPO RACIAL

**Cabeza**  
De tamaño grande, forte, alongada e de perfil frontonasal de subcóncavo a recto, sendo en conxunto voluminosa. Fronte plana e proporcionada, formando unha arista aguda na liña da caluga. Fuciño grande e grosso. Orelhas caídas que cubren os pequenos ollos.

**Pescozo**  
Longo, estreito e forte.

**Dorso**  
Estreito e longo, coa liña dorso lumbar arqueada.

**Grupa**  
Caída, con desenvolvemento muscular medio. O rabo e longo e está provisto na súa extremidade dunha borla de cerdas e retórcese de modo típico cando o animal está nervioso, sendo a súa postura habitual de maneira estirada.

**Cor e pelo (ver variedades)**  
Variedade santiagouesa: pel rosada con ausencia total de pigmentacións.  
Variedade barcina: pequenas pigmentacións, como lunares circulares de cor agrisada.  
Variedade carballina: extensas pigmentacións negras brillantes que en ocasións poden cubrir todo o corpo.  
Nas tres variedades a pel está cuberta de abundantes cerdas, longas e fortes, que son máis abundantes na variedade carballina.

**Ventre e xenitais**  
Nas femias ventre recollido, con liña inferior plana, cun mínimo de 6/6 pezóns desenvolvidos, de implantación ampla e regularmente espaciados. Excepcionalmente poderanse admitir exemplares con menos de 12 pezóns, sempre que a súa calificación global sexa superior a suficiente e a xuízo do director técnico. Vulva ben desenvolvida conforme á idade.  
Nos machos testículos ben formados, simétricos en lonxitude e tamaño.

**Tórax**  
Forte e profundo, con costelares pouco arqueados.

**Extremidades**  
Extremidades ben formadas, longas e fortes, con articulacións limpas e definidas.


## VARIEDADES



Variedade santiagouesa



Variedade barcina



Variedade carballina

## SISTEMA DE CALIFICACIÓN MORFOLÓXICA

Na raza Porco Celta considáranse defectos obxectables (restan puntos no momento da valoración morfolóxica):

- Defectos no asentamento das extremidades non moi destacables.
- Extremidades curtas que fan baixo ao animal.
- Fuciño pouco formado.

E considéranse defectos descalificables (a súa presenza elimina directamente ao animal):

- Conformación xeral ou rexional defectuosa en grado acusado (cabeza moi pequena e pouco voluminosa, perfil convexo, orellas curtas, estreitas ou levantadas, liña dorso lumbar recta, grupa horizontal e moi musculada).
- Hernias
- Anomalías nos xenitais: monórquido, criptórquido e infantilismo xenital.
- Formación corporal non acorde coa idade.
- Pigmentación total ou parcial das pezuñas.

As calificacións de animais son realizadas polo Director Técnico da raza ou por calquera outro técnico designado pola Asociación.

A calificación morfolóxica realízase mediante apreciación visual e polo método dos puntos, o seu detalle serve para xulgar comparativamente o valor dun exemplar determinado. Se un exemplar presenta algún dos defectos descalificables, queda inmediatamente eliminado.

A idade mínima para a calificación morfolóxica é de 7 meses nos machos e 10 nas femias. Cada rexión corporal califícase asignándolle puntos nunha escala de 1 a 10 sendo 10 o valor máximo.

A adxudicación de menos de 4 puntos a calquera das rexións que se valoren é causa de descalificación do animal, sexa cal sexa a puntuación obtida nas restantes.

Caracteres que se califican	Coefficiente
Aspecto xeral (desenvolvemento, proporcións, peso)	1,90
Pel e pigmentación	0,30
Cabeza	1,70
Pescozo e tórax	0,40
Costas	0,50
Dorso e lombo	1,30
Cruz dos cadrís e xamóns	1,50
Ventre e xenitais	0,60
Aplomos e marcha	1,80
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>

CLASIFICACIÓN	MACHOS	FEMIAS
<b>EXCELENTE</b>	>90	>85
<b>MOI BO</b>	Entre 85 e 90	Entre 80 e 85
<b>MÁIS QUE BO</b>	Entre 80 e 84	Entre 75 e 79
<b>BO</b>	Entre 75 e 79	Entre 70 e 74
<b>ACEPTABLE</b>	Entre 70 e 74	Entre 60 e 69
<b>SUFICIENTE</b>	Entre 60 e 69	Entre 50 e 59

ASOPORCEL  
ASOCIACIÓN DE CRIADORES DA RAZA PORCINA CELTA

Imprime PC-05

FICHA DE VALORACIÓN MORFOLÓXICA

DATOS DA GANADERÍA | DATOS DE LA GANADERÍA

Insidante / Insidante

Sexo / Sexo

Idade / Idade

RAZA / RAZA

REGIÓN / REGIÓN

PROVINCIA / PROVINCIA

COMARCA / COMARCA

LOCALIDADE / LOCALIDADE

CRÉDITO / CRÉDITO

FECHA / FECHA

VARIEDADE / VARIEDADE

SEXO / SEXO

CARACTERES A CUALIFICAR | CARACTERES A CUALIFICAR

Aspecto xeral (desenvolvemento, proporcións e peso)	PUNTOS / PUNTOS	COEFICIENTE / COEFICIENTE	RESULTADO / RESULTADO
Aspecto xeral (desenvolvemento, proporcións e peso)		1,90	
Pel, pelo e pigmentación		0,30	
Cabeza		1,70	
Pescozo e tórax		0,40	
Costas		0,50	
Dorso e lombo		1,30	
Cruz dos cadrís e xamóns		1,50	
Ventre e xenitais		0,60	
Asentamento das extremidades e marcha		1,80	
<b>TOTAL</b>		<b>10</b>	

Observacións / Observaciones